



MEMORIA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o director xeral de Cultura **DECLARAN:**

Que a Secretaría Xeral da Lingua e a Dirección Xeral de Cultura formalizarán coa Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón, o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2025. Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e da Dirección Xeral de Cultura e a Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón para dinamizar o proceso normalizador, levando a cabo unha serie de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983), é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do





Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, lograr unha ampla oferta informativa lúdica e cultural en galego, tematicamente variada e de calidade, vincular galego a ecoloxía, cultura e desenvolvemento sostible e lograr que as asociacións e colectivos sociais continúen a ser axentes de promoción da lingua.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude considera esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega e a promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia, especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón que ten por finalidade manter viva a tradición, recuperando prácticas de antaño que na actualidade se están perdendo, como a sega do cereal, a malla, a moenda, a matanza, o magosto etc.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 09 de Novembro de 2017), pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.





XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DA LINGUA

Rúa San Roque, 2
15781 Santiago de Compostela
881 996 327 / 881 996 566
sxpl-convenios.cultura@xunta.gal
www.lingua.gal

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Lingua

O director xeral de Cultura

Valentín García Gómez

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

